

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

**15771** *Real decreto 1698/2012, do 21 de decembro, polo que se modifica a normativa vixente en materia de folleto e de requisitos de transparencia exixibles nas emisións de valores pola transposición da Directiva 2010/73/UE.*

A Directiva 2010/73/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican a Directiva 2003/71/CE sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a negociación de valores e a Directiva 2004/109/CE sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado, persegue, fundamentalmente, dous obxectivos: en primeiro lugar, a redución das cargas administrativas conexas á publicación dun folleto no caso de oferta pública de valores e de admisión a negociación en mercados regulados dentro da Unión Europea, e, en segundo lugar, modernizar e mellorar algunhas cuestións do réxime aplicable ao folleto para ofertas públicas e admisión a negociación en mercados regulados.

En cumprimento das nosas obrigas respecto ao dereito da Unión Europea, este real decreto introduce unha serie de modificacións no Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos, e no Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea.

Dentro dun primeiro conxunto de novidades, a modificación do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, afecta, en primeiro lugar, o formato e o contido, estandarizado a nivel da Unión Europea, do resumo do folleto. Así, inclúese unha definición do concepto de información fundamental e os elementos esenciais que debe facilitar o contido do citado resumo.

Amplíanse, así mesmo, os supostos en que cabe exixir responsabilidade civil, ao engadir o caso de que o resumo do folleto non facilite, lido xunto coas outras partes do folleto, toda a información fundamental que permita aos investidores adoptar decisións de investimento fundadas, ou non permita comparar os valores con outros produtos de investimento.

Por outro lado, actualízanse os limiares que determinan distintos niveis de requirimento legal para adaptar a normativa ao incremento realizado neles pola Directiva 2010/73/UE, do 24 de novembro. En concreto, no caso de ofertas de valores non participativos establécese un límite de 100.000 euros como valor nominal unitario para aplicar a excepción da obriga de publicar un resumo do folleto, así como da obriga de traducilo para o castelán.

De igual modo, adáptase o Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, á nova redacción dada ao artigo 30 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, para exceptuar determinados tipos de ofertas de valores da obriga de publicar un folleto. Incrementáanse os limiares, exixíndose 100.000 euros como valor nominal unitario para aplicar a excepción da obriga de publicar un folleto ás ofertas de valores.

Ademais, incrementáase a 150 o número máximo de persoas a que pode ir dirixida a oferta pública de valores sen que deba cumprirse coa obriga de publicar un folleto. Esta modificación vén motivada pola vontade de adaptar a cifra ao terse constatado na práctica o incremento dos destinatarios das ofertas que, polo número limitado, poden entenderse

excluídas da obriga. Así mesmo, establécese en 5 millóns de euros o límite máximo que pode ter unha oferta pública de valores para verse excluída da obriga de publicar un folleto. O importe total desa cifra vén constituído polo total de ofertas de valores realizadas na Unión Europea nun período de doce meses.

Outra modificación do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, afecta as excepcións á obriga de publicar un folleto de oferta pública e vén xustificada por dúas razóns. A primeira é a necesidade de adaptar o articulado ao incremento dos limiares realizado pola Directiva 2010/73/UE, do 24 de novembro. A segunda é a eliminación da redundancia contida no articulado, en relación coa non obriga de publicar un folleto no caso das accións ofertadas, asignadas ou que vaian ser asignadas gratuitamente aos actuais accionistas. Este suposto, cuxa excepción á obriga de publicar un folleto figuraba expresamente recollido na redacción anterior, debe entenderse excluído da obriga por canto non supera, en ningún caso, os limiares mínimos que, con carácter xeral, establece a norma.

Ademais, para asegurar unha mellor accesibilidade á información por parte dos investidores, modifícase o réxime de rexistro e publicación do folleto informativo ao incluír a obriga de publicar o folleto en formato electrónico na páxina web do emisor, ademais da publicación en formato impreso.

Os cambios referidos contribúen á redución das cargas administrativas conexas á publicación dun folleto no caso de oferta pública de valores e de admisión a negociación en mercados regulados dentro da Unión Europea, por canto se elimina a obriga de presentar documentos adicionais en determinados supostos, ao tempo que se amplía o elenco de excepcións á obriga de publicar un folleto.

Co obxecto de mellorar a seguranza xurídica, establécese neste primeiro bloque de modificacións que a validez do folleto comeza coa súa aprobación, en lugar de coa publicación. De igual modo, aclárase en que momento termina a obriga de publicar un suplemento ao folleto e dispónse que o dereito a retirar a aceptación previa dada a unha oferta de valores existe até a entrega dos valores. Ademais, aclárase a definición de investidores cualificados, póndoa en liña coa prevista no artigo 78 bis, número 3, e 78 ter da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Tamén se inclúe a obriga de comunicar o documento coas condicións finais da oferta ás autoridades dos Estados membros de acollida.

O segundo bloque de modificacións afecta o Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro. Así, acláranse os supostos en que España é Estado membro de orixe para os efectos da aplicación do citado real decreto. Ademais, actualízanse os limiares para adaptar a normativa ao incremento realizado neles pola Directiva 2010/73/UE, do 24 de novembro, en relación co idioma en que debe publicarse a información regulada. Igualmente, elévase a 100.000 euros o limiar que distingue entre investidores retalistas e investidores profesionais en termos de capacidade de investimento, o que implica un axuste á alza do limiar de protección dos clientes retalistas.

Alén da obrigada transposición da Directiva 2010/73/UE, do 24 de novembro, este real decreto introduce outra serie de melloras de carácter técnico. A primeira delas aclara que ás obrigas de pagamento a menos dun ano non se lles exige o documento coas condicións finais da emisión dos valores. A segunda inclúe a previsión expresa de que, no caso de pasar un valor dun mercado regulado español para outro, se dan por cumpridos todos os requisitos de admisión coa única excepción do relativo ao folleto. Por último, dispónse que, no caso da exención de contas anuais para sociedades novas resultantes da combinación doutras xa existentes, a información necesaria é a prevista no Regulamento (CE) n.º 211/2007, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 809/2004, relativo á aplicación da Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire á información financeira que debe figurar nos folletos cando o emisor posúe un historial financeiro complexo ou adquiriu un compromiso financeiro importante.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2012,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos.*

O Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo terceiro ao artigo 1.3, coa redacción seguinte:

«Ás emisións de obrigas de pagamento con prazo de vencemento inferior a doce meses non se lles exixirán as condicións finais a que se refire o artigo 21.2 deste real decreto.»

Dous. O primeiro parágrafo da circunstancia 3.<sup>a</sup> da alínea b) do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Cando se trate de valores non incluídos no parágrafo 1.<sup>o</sup> anterior e o emisor estea constituído nun Estado non membro da Unión Europea, se o emisor, o oferente ou a persoa que solicita a admisión designa España como Estado membro de orixe.»

Tres. Engádense as alíneas l) e m) ao artigo 4 coa seguinte redacción:

«l) Información fundamental: a información esencial e correctamente estruturada que debe facilitarse aos investidores para que poidan comprender a natureza e os riscos inherentes ao emisor, o garante e os valores que se lles ofrecen ou que van ser admitidos a negociación nun mercado regulado, e decidir, sen prexuízo do artigo 27.3, parágrafo 4, punto 2.<sup>o</sup>, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as ofertas de valores que convén seguir examinando. En función da oferta e os valores de que se trate, a información fundamental incluírá os seguintes elementos:

- i. Unha breve descrición das características esenciais e os riscos asociados co emisor e os posibles garantes, incluídos os activos, os pasivos e a situación financeira;
- ii. Unha breve descrición das características esenciais e os riscos asociados co investimento nos valores de que se trate, incluídos os dereitos inherentes aos valores;
- iii. As condicións xerais da oferta, incluídos os gastos estimados impostos ao investidor polo emisor ou o oferente;
- iv. Información sobre a admisión a negociación;
- v. Os motivos da oferta e o destino dos ingresos.

m) Empresa con reducida capitalización de mercado: unha empresa que cotiza nun mercado regulado e que tivo unha capitalización de mercado media de menos de 100.000.000 euros, sobre a base das cotizacións de fin de ano dos tres anos anteriores.»

Catro. Engádesse un novo número 3 no artigo 6, coa seguinte redacción:

«3. Tratándose de solicitudes de admisión a un mercado secundario oficial de valores xa admitidos a negociación noutro mercado secundario oficial español, consideraranse cumpridos para efectos da solicitude todos os requisitos establecidos neste real decreto, excepto o previsto no artigo 13; non obstante, o emisor poderá solicitar a aplicación da excepción prevista no artigo 26.1.h), e a

CNMV verificará o cumprimento das condicións establecidas nel. Adicionalmente, cando se trate de valores xa admitidos a negociación nun segundo mercado e se solicite a admisión ao primeiro mercado, o emisor deberá acreditar o cumprimento dos números 6 e 7 do artigo 9 deste real decreto.»

Cinco. Elimínase a alínea b) e modifícase a alínea c) do número 2 do artigo 12, que pasa a ser b) e queda redactada do seguinte modo:

«b) Que a CNMV así o decida en interese do emisor ou dos investidores, sempre que entenda que os investidores dispoñen da información necesaria para formaren un xuízo fundado sobre o emisor e sobre os valores cuxa admisión a negociación se solicita. No caso de emisores cun historial financeiro complexo, considerarase que os investidores dispoñen da información necesaria cando o folleto informativo conteña a que exige o Regulamento (CE) n.º 211/2007, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 809/2004, relativo á aplicación da Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire á información financeira que debe figurar nos folletos cando o emisor posúe un historial financeiro complexo ou adquiriu un compromiso financeiro importante.»

Seis. Suprímese o capítulo V. Información anual.

Sete. Dáse nova redacción ao número 1 do artigo 16, que queda redactado do seguinte modo:

«1. De conformidade co disposto no artigo 27.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, o folleto incluirá a información relativa ao emisor e aos valores que vaian ser admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español ou nun mercado regulado domiciliado na Unión Europea. O folleto conterá toda a información que, segundo a natureza específica do emisor e dos valores, sexa necesaria para que os investidores contén con datos suficientes para poderen facer unha avaliación dos activos e pasivos, a situación financeira, os beneficios e as perdas, así como das perspectivas do emisor e eventualmente do garante e dos dereitos inherentes a tales valores. Esta información presentarase en forma facilmente analizable e comprensible.

Por orde ministerial que desenvolva o artigo 27.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, estableceranse as excepcións á obriga de incluír determinada información no folleto. En particular, cando os valores estean garantidos por un Estado membro da Unión Europea, o emisor, o oferente ou a persoa que solicita a admisión a negociación nun mercado regulado terán dereito a omitir información sobre o garante.»

Oito. Dáse nova redacción ao artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Resumo.*

1. De conformidade co disposto no artigo 27.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, o folleto incluirá un resumo que, elaborado nun formato estandarizado, de forma concisa e nunha linguaxe non técnica, fornecerá a información fundamental para, conxuntamente co resto do folleto, axudar os investidores á hora de determinaren se invisten ou non nos valores. Así mesmo, o dito resumo conterá unha advertencia de que:

- a) Debe lerse como introdución ao folleto.
- b) Toda decisión de investir nos valores debe estar baseada na consideración por parte do investidor do folleto no seu conxunto.
- c) Non se poderá exixir responsabilidade civil a ningunha persoa exclusivamente sobre a base do resumo, incluída calquera tradución, non sendo que o resumo sexa enganoso, inexacto ou incoherente en relación coas demais partes do folleto, ou non forneza, lido xunto coas outras partes do folleto,

información fundamental para axudar aos investidores a decidiren se invisten ou non nos valores.

2. Non será obrigatorio incluír un resumo nos casos en que o folleto aprobado pola CNMV se refira á admisión a negociación, nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, de valores que non sexan participativos cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 100.000 euros.

3. No caso de admisións a negociación nun mercado secundario oficial español, con independencia de cal sexa a autoridade competente que aprobe o folleto, a persoa que solicite a admisión deberá traducir o resumo para o castelán cando o folleto non estea redactado neste idioma. Non obstante o anterior, a CNMV, atendendo ás circunstancias especiais da admisión, poderá eximir a persoa que a solicite de traducir o resumo. En ningún caso será necesaria a tradución cando se trate de valores non participativos cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 100.000 euros.»

Nove. O segundo parágrafo do artigo 19.4 queda redactado do seguinte modo:

«O emisor que teña xa un documento de rexistro aprobado pola CNMV soamente deberá elaborar a nota sobre os valores e o resumo cando os valores vaian ser admitidos a negociación. Estes documentos deberán ser aprobados pola CNMV. Nestes casos, a nota sobre os valores fornecerá a información que normalmente se incluíría no documento de rexistro se, desde que se aprobou a última actualización do documento de rexistro, se produciu un cambio ou un novo acontecemento que sexan relevantes e que poderían afectar as avaliacións dos investidores, a menos que tal información se inclúa nun suplemento dos previstos no artigo 22.»

Dez. O número 2 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«2. As condicións finais da oferta son os elementos de información que non son coñecidos cando se aproba o folleto de base e que soamente poden determinarse no momento da emisión. Estas condicións finais soamente poderán conter elementos de información exixidos para a nota sobre os valores sinalada no artigo 19.3, non poderán utilizarse para cumprir co artigo 22 e non estarán suxeitas á aprobación da CNMV. As condicións finais, cando non figuren no folleto de base nin nun suplemento, deberán facilitarse aos investidores e depositaranse na CNMV con motivo de cada admisión a negociación tan axiña como sexa factible para a persoa que solicita a admisión e, se é posible, antes do comezo da oferta pública ou da admisión a negociación. En caso de que o folleto de base se expedise a outras autoridades competentes da Unión Europea, as condicións finais elaboradas para realizar ofertas públicas ou admisións a negociación noutros Estados da Unión Europea deberán ser comunicadas polo emisor ou oferente ás autoridades dos Estados membros de acollida.

No caso das emisións de obrigas de pagamento con prazo de vencemento inferior a doce meses, non se exixirán as condicións finais a que se refire este artigo e será unicamente necesario presentar, para estes efectos, a certificación complementaria a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.»

Once. O número 2 do artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«2. O suplemento aprobarase da mesma maneira que o folleto orixinal nun prazo máximo de cinco días hábiles desde que se teña constancia do novo factor significativo, inexactitude ou erro que sexan relevantes e publicarse, ao menos, a través dos mesmos medios utilizados para a publicación do dito folleto. O resumo e a súa eventual tradución completaranse, se for preciso, para ter en conta a nova información incluída no suplemento.



Sempre que se cumpra o límite temporal establecido no parágrafo anterior, poderá tamén publicarse un suplemento a un documento de rexistro, en particular, cando estea incorporado por referencia a un folleto de base.»

Doce. Modifícase o número 4 do artigo 23, que queda redactado do seguinte modo:

«4. Os folletos que aprobe a CNMV para admisións a negociación nun mercado secundario oficial español, ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, de valores non participativos cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 100.000 euros redactaranse, á escolla da persoa que solicite a admisión, nunha lingua aceptada pola CNMV e polas autoridades competentes de todos os Estados membros de acollida ou nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais. Sen prexuízo do anterior, a persoa que solicite a admisión deberá traducir o resumo para a lingua ou linguas oficiais de cada Estado membro de acollida, se así o requiren as súas autoridades competentes.»

Trece. Dáse nova redacción á alínea c) do artigo 25.2, que queda redactada do seguinte modo:

«c) En formato electrónico na páxina web do emisor ou, se for o caso, dos intermediarios financeiros colocadores, incluídos os axentes de pagamento, ao menos durante o prazo de validez do folleto.»

Catorce. Os números 3 e 4 do artigo 25 pasan a ser os números 4 e 5, ao engadirse un novo número 3, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Cando a persoa que solicite a admisión a negociación escolla o medio de publicación previsto na alínea a) ou na alínea b) do número anterior, será obrigatorio, ademais, publicalo polo medio indicado na alínea c).»

Quince. Dáse nova redacción ás alíneas c) e d) do artigo 26.1, que quedan redactadas do seguinte modo:

«c) Valores ofrecidos como pagamento en relación cunha oferta pública de adquisición, a condición de que se dispoña dun documento que conteña información que a CNMV considere equivalente á do folleto, tendo en conta os requisitos exixidos na lexislación da Unión Europea.

d) Valores ofrecidos, asignados ou que vaian ser asignados en relación cunha fusión ou escisión, sempre que se facilite un documento que conteña información que a CNMV considere equivalente á do folleto, tendo en conta os requisitos exixidos na lexislación da Unión Europea.»

Dezaseis. Dáse nova redacción ao artigo 27, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Período de validez do folleto informativo.*

1. Os folletos serán válidos durante un período de doce meses desde a súa aprobación para realizar ofertas públicas ou admisións a negociación nun mercado secundario oficial español ou mercado regulado domiciliado na Unión Europea, a condición de que se complete, se for o caso, cos suplementos requiridos polo artigo 22.

2. O folleto de base será válido por un período de doce meses desde a súa aprobación. No caso dos valores mencionados no artigo 21.1.b), o folleto será válido até que deixen de emitirse de maneira continua ou reiterada os ditos valores.

3. O documento de rexistro será válido durante un período de até doce meses desde a súa aprobación, sempre que fose actualizado. O documento de rexistro, actualizado de conformidade co artigo 19.4 ou co artigo 22 e acompañado da nota sobre os valores e do resumo, considerarase como un folleto válido.»

Dezasete. Os números 1 e 2 do artigo 29 quedan redactados do seguinte modo:

«1. De conformidade co disposto no primeiro parágrafo do artigo 29 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, o folleto aprobado pola CNMV, así como os seus suplementos, será válido para a admisión a negociación en calquera mercado regulado dos Estados membros de acollida, sempre que a CNMV o notifique á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á autoridade competente do Estado membro de acollida e ao emisor ou á persoa responsable da elaboración do folleto de acordo co disposto no seguinte número.

2. Por instancia da persoa que solicita a admisión ou da persoa responsable da elaboración do folleto, a CNMV, dentro do prazo de tres días hábiles a partir da recepción da petición ou, se a petición se presenta conxuntamente co proxecto de folleto, no seguinte día hábil á aprobación deste, notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados, á autoridade competente do Estado ou dos Estados membros de acollida e, ao mesmo tempo, ao emisor ou á persoa responsable da elaboración do folleto, un certificado de aprobación que testemuñe que o folleto se elaborou de conformidade coas normas aprobadas polos Estados membros para a transposición da Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a negociación de valores e pola que se modifica a Directiva 2001/34/CE e unha copia do dito folleto. Se procede, esta notificación irá acompañada pola tradución do resumo elaborado baixo a responsabilidade da persoa que solicita a admisión ou da persoa responsable da elaboración do folleto. Seguirase o mesmo procedemento para calquera suplemento do folleto.»

Dezaioito. O número 1 do artigo 38 queda redactado do seguinte modo:

«1. De acordo co artigo 30 bis.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, a oferta pública de venda ou subscripción de valores é toda comunicación a persoas en calquera forma ou por calquera medio que presente información suficiente sobre os termos da oferta e dos valores que se ofrecen, de modo que permita a un investidor decidir a adquisición ou subscripción destes valores.

De acordo co parágrafo segundo do artigo 30 bis.1 da citada lei, non terán a consideración de oferta pública as ofertas de valores:

- a) Dirixidas exclusivamente a investidores cualificados.
- b) Dirixidas a menos de 150 persoas físicas ou xurídicas por Estado membro, sen incluír os investidores cualificados.
- c) Dirixidas a investidores que adquiren valores por un mínimo de 100.000 euros por investidor, para cada oferta separada.
- d) Cuxo valor nominal unitario sexa de, ao menos, 100.000 euros.
- e) Cuxo importe total na Unión Europea sexa inferior a 5.000.000 euros, límite que se calculará nun período de doce meses.

Non obstante, calquera revenda ulterior de valores que fosen previamente obxecto de un ou máis dos tipos de oferta mencionados considerarase como unha oferta separada e aplicarase a definición de oferta pública contida neste artigo para decidir se a revenda pode cualificarse ou non como oferta pública de valores.

En caso de que a dita revenda ulterior sexa realizada por intermediarios financeiros, non se exixirá outro folleto informativo cando xa haxa dispoñible un folleto válido de acordo co artigo 27 e o emisor ou persoa responsable da elaboración do folleto autorízase o seu uso mediante acordo escrito. Este consentimento emitírase de acordo co disposto polo Regulamento (CE) n.º 809/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, relativo á aplicación da Directiva 2003/71/CE, do 4 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello canto á información contida nos folletos, así como o formato, incorporación por referencia, publicación dos ditos folletos e difusión de publicidade.»

Dezanove. O artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Investidores cualificados e rexistro de investidores cualificados.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 30 bis.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, consideraranse investidores cualificados as persoas ou entidades enumeradas como clientes profesionais no artigo 78 bis.3, as contrapartes elixibles a que se refire o artigo 78 ter da dita lei, así como as pequenas e medianas empresas que teñan o seu domicilio social no Estado español e que expresamente solicitasen ser consideradas como investidor cualificado.

2. As empresas de servizos de investimento e as entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán indicar no rexistro de clientes a que se refire o artigo 32 do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro, o detalle dos clientes persoas físicas e pequenas e medianas empresas que solicitasen ser considerados como clientes profesionais en virtude do artigo 78 bis.3.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e que, conforme o indicado no número anterior, se considerarán investidores cualificados para os efectos da oferta de valores dirixida exclusivamente a investidores cualificados a que se refire o artigo 30 bis.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

O emisor, ou a persoa que pretenda facer unha oferta de valores, terá nun prazo razoable e sen prexuízo da lexislación aplicable en materia de protección de datos, acceso aos rexistros das empresas de servizos de investimento e entidades de crédito que presten servizos de investimento en que figuren os seus clientes persoas físicas e pequenas e medianas empresas que solicitasen ser considerados como clientes profesionais en virtude do artigo 78 bis.3.e) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, cando vaia realizar unha oferta de venda de valores. Para isto deberá xustificar a súa solicitude e acreditar documentalmente a existencia do proceso de oferta.

O dereito de acceso ao rexistro encóntrase condicionado ao establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos. En particular, requírese que os clientes persoas físicas e pequenas e medianas empresas que solicitasen ser considerados como clientes profesionais aceptasen que esta información se entregue a calquera entidade emisora que acredite documentalmente a existencia dun proceso de oferta, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A persoa que solicite o acceso ao rexistro soamente poderá utilizar a información obtida para realizar unha oferta de venda aos ditos investidores. Así mesmo, deberá manter a confidencialidade do contido do rexistro e asegurar que a dita información non se revela a ningunha persoa que non sexa o investidor cualificado. Para tales efectos, a entidade encargada do rexistro en cuestión deberá advertir expresamente aos solicitantes do seu deber de confidencialidade, así como das infraccións e sancións derivadas do seu uso inadecuado.

As entidades que leven o dito rexistro deberán informar os interesados acerca da súa inclusión no rexistro e dos demais asuntos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Vinte. A alínea f) do número 1 do artigo 40 queda redactada do seguinte modo:

«f) Cando sexa de aplicación o suplemento a que se refire o artigo 22, os investidores que xa aceptasen adquirir ou subscribir os valores antes de que se publique o suplemento terán dereito a retirar a súa aceptación, sempre que o novo factor, o erro ou a inexactitude que motivou o suplemento xurda antes do feche definitivo da oferta ao público e da entrega dos valores. Este dereito poderá



exercerse dentro dun prazo non inferior a dous días hábiles a partir da publicación do suplemento, no cal deberá indicarse a data final en que os investidores poidan retirar a súa aceptación.»

Vinte e un. Dáse nova redacción ás alíneas b), c), d), e) e j) do número 1 do artigo 41, que quedan redactadas do seguinte modo:

«b) Valores ofrecidos como pagamento en relación cunha oferta pública de adquisición, a condición de que se dispoña dun documento que conteña información que a CNMV considere equivalente á do folleto, tendo en conta os requisitos da lexislación da Unión Europea.

c) Valores ofrecidos, asignados ou que vaian ser asignados en relación cunha fusión ou escisión, sempre que se facilite un documento que conteña información que a CNMV considere equivalente á do folleto, tendo en conta os requisitos da lexislación da Unión Europea.

d) Dividendos pagados en forma de accións da mesma clase que aquelas polas cales se pagan os dividendos, sempre que estea dispoñible un documento que conteña información sobre o número e a natureza das accións e os motivos e detalles da oferta.

e) Valores ofrecidos, asignados ou que vaian ser asignados a conselleiros ou empregados actuais ou antigos polo seu empregador ou por unha empresa do seu grupo, sempre que a empresa teña a súa sede principal ou o seu domicilio social na Unión Europea e que estea dispoñible un documento que conteña información sobre o número e a natureza dos valores e os motivos e detalles da oferta.

Esta excepción tamén se aplicará a unha compañía establecida fóra da Unión Europea cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado regulado ou no mercado dun terceiro país. Neste segundo caso, para que a excepción se aplique será necesario que se cumpran os seguintes requisitos:

i. Que se dispoña de información adecuada, incluído o documento mencionado no primeiro parágrafo da alínea e) elaborado ao menos nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais e

ii. Que a Comisión Europea adoptase unha decisión de equivalencia respecto da lexislación e supervisión do terceiro país onde estea domiciliado o mercado, de acordo coas condicións establecidas na Directiva 2003/71/CE, do 4 de novembro. A dita decisión poderá ser adoptada por solicitude de calquera autoridade competente dun Estado membro designada de conformidade coa dita directiva.

j) Valores de débeda emitidos de maneira continua ou reiterada por entidades de crédito, cando o importe total da oferta na Unión Europea sexa inferior a 75 millóns de euros, cuxo límite se calculará con respecto a un período de 12 meses, a condición de que estes valores:

1. Non sexan subordinados, convertibles ou trocables.
2. Non dean dereito a subscribir ou a adquirir outros tipos de valores, e
3. Non estean ligados a un subxacente do cal dependa o seu valor ou prezo.»

*Artigo segundo. Modificación do Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea.*

O Real decreto 1362/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en relación cos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores estean admitidos a negociación

nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado da Unión Europea, queda modificado como segue:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para os efectos da aplicación deste real decreto entenderase que España é Estado membro de orixe nos seguintes supostos:

a) Para emisores de valores negociables constituídos nun Estado membro da Unión Europea:

1.º Cando teñan o seu domicilio social en España e sexan emisores ou ben de accións ou ben de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa inferior a 1.000 euros.

2.º Nos supostos de valores diferentes aos mencionados no número anterior, cando o emisor escolla España como Estado membro de orixe, sempre que teña o seu domicilio social en España ou o seus valores fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

b) Para emisores de valores negociables constituídos nun Estado non membro da Unión Europea:

1.º Cando España sexa Estado membro de orixe de conformidade co artigo 2.b).3 do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, e sexan emisores ou ben de accións ou ben de valores de débeda cuxo valor nominal unitario sexa inferior a 1.000 euros.

2.º Para o resto dos valores, cando o emisor escolla España como Estado membro de orixe sempre que os valores fosen admitidos a negociación nun mercado secundario oficial español.

Entenderase, igualmente, que España é Estado membro de orixe, nos supostos mencionados nas alíneas) e b) deste número, en caso de valores de débeda non denominados en euros, sempre que o seu valor nominal unitario sexa equivalente a unha cantidade inferior a 1.000 euros.»

Dous. O número 6 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«6. Cando os valores cuxo valor nominal unitario sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso das obrigacións non denominadas en euros, equivalente ao menos a 100.000 euros na data de emisión, e se admitan a negociación en un ou varios mercados secundarios oficiais ou mercados regulados, a información regulada será publicada, á escolla do emisor ou da persoa que, sen consentimento do emisor, solicítase a admisión:

a) Nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais ou

b) Nunha lingua aceptada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e polas autoridades competentes dos Estados membros de acollida.

A excepción a que se fai referencia neste número 6 aplicarase igualmente ás obrigacións cuxo valor nominal unitario sexa igual ou superior a 50.000 euros ou, no caso das obrigacións non denominadas en euros, cuxo valor nominal unitario sexa, na data de emisión, equivalente a 50.000 euros como mínimo, e que xa fosen admitidas a negociación nun mercado regulado de un ou máis Estados membros da Unión Europea antes do 31 de decembro de 2010, durante todo o tempo en que tales obrigacións sexan exixibles.»

Tres. O número 6 do artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«6. Cando soamente teñan dereito a participar nas asembleas os titulares de obrigacións cuxo valor nominal unitario sexa de ao menos 100.000 euros ou, no caso das obrigacións non denominadas en euros, dun valor nominal unitario que sexa, na data de emisión, equivalente, ao menos, a 100.000 euros, o emisor poderá elixir como lugar de celebración calquera Estado membro da Unión Europea, a condición de que, nese Estado, poida disporse de todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os titulares de obrigacións exerzan os seus dereitos.

A escolla a que se fai referencia no parágrafo anterior aplicarase igualmente a aqueles titulares de obrigacións cuxo valor nominal unitario sexa de ao menos 50.000 euros ou, no caso das obrigacións non denominadas en euros, cuxo valor nominal unitario sexa, na data de emisión, equivalente a 50.000 euros como mínimo, e que xa fosen admitidas a negociación nun mercado regulado da Unión antes do 31 de decembro de 2010, durante todo o tempo en que tales obrigacións sexan exixibles, a condición de que no Estado membro elixido polo emisor poida disporse de todos os mecanismos e a información necesarios para permitir que os titulares de obrigacións exerzan os seus dereitos.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora ao dereito español a Directiva 2010/73/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, pola que se modifican a Directiva 2003/71/CE sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a negociación de valores e a Directiva 2004/109/CE sobre a harmonización dos requisitos de transparencia relativos á información sobre os emisores cuxos valores se admiten a negociación nun mercado regulado.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO